



International Theatre Institute ITI

World Organization for the Performing Arts

Mensaxe do Día Mundial do Teatro 2026

Willem DAFOE

**Actor. Director artístico da Bienal de Teatro de Venecia
– Estados Unidos**

Son un actor coñecido principalmente como actor de cinema. Pero as miñas raíces están profundamente no teatro. Fun membro do Wooster Group desde 1977 ata 2003, creando e interpretando pezas orixinais en The Performing Garage en Nova York e de xira por todo o mundo. Tamén traballei con Richard Foreman, Robert Wilson e Romeo Castellucci. Agora son o Director Artístico da Bienal de Teatro de Venecia. Este nomeamento, os acontecementos no mundo e o meu desexo de regresar ao traballo teatral reforzaron profundamente a miña crenza no poder positivo único do teatro e a súa importancia.

Nos humildes comezos da miña etapa en The Wooster Group, a compañía teatral con sede en Nova York, a miúdo tiñamos moi pouco público nalgunhas das nosas funcións. Moitas veces a regra era que, se había máis intérpretes que espectadores, podíamos decidir cancelar. Pero nunca o fixemos. Moitos dos membros da compañía non estaban formados en teatro, senón que proviñan de distintas disciplinas e reuníanse para facer teatro; por iso, “o espectáculo debe continuar” non era realmente o noso lema e, con todo, sentiamos a obriga de manter o noso encontro co público.

Tamén ensaiabamos a miúdo durante o día e pola noite mostrabamos o material como un traballo en proceso. Ás veces pasabamos anos traballando nun espectáculo, manténdonos grazas ás xiras de producións anteriores. Traballar durante anos nunha peza, con frecuencia, volvíase tedioso para min e atopaba os ensaios algo difíciles, pero estas presentacións de traballos en proceso sempre eran emocionantes, mesmo se o reducido público era un xuízo contundente

sobre o nivel de interese que espertaba o que estabamos a facer. Isto fíxome comprender que, sen importar cantas persoas haxa, o público como testemuña é o que dá sentido e vida ao teatro.

Como di o cartel nunha sala de apostas: “DEBES ESTAR PRESENTE PARA GAÑAR”. A experiencia compartida en tempo real dun acto de creación, que pode estar estruturado e deseñado pero que sempre é diferente, é, sen dúbida, a gran fortaleza do teatro. Social e politicamente, o teatro nunca foi tan importante e vital para a nosa comprensión de nós mesmos e do mundo.


O “elefante na habitación” son as novas tecnoloxías e as redes sociais, que prometen conexión pero aparentemente fragmentaron e illaron as persoas entre si. Eu uso o computador a diario, aínda que non teña redes sociais; mesmo me busquei en Google como actor e tamén consultei a intelixencia artificial para obter información. Pero hai que estar cego para non recoñecer que o contacto humano corre o risco de ser substituído por relacións con dispositivos. Aínda que certa tecnoloxía pode servírnos ben, o problema de non saber quen está alén do círculo de comunicación é profundo e contribúe a unha crise da verdade e da realidade. Aínda que internet pode expor preguntas, moi poucas veces logra captar ese sentido de asombro que crea o teatro. Un asombro baseado na atención, o compromiso e unha comunidade espontánea de quen está presentes nun círculo de acción e resposta.

Como actor e creador teatral, sigo crendo no poder do teatro. Nun mundo que parece volverse máis fragmentado, controlador e violento, o noso desafío como creadores teatrais é evitar a corrupción do teatro como unha empresa meramente comercial dedicada ao entretemento por distracción, ou como un mero instrumento institucional para conservar tradicións; en cambio debemos fomentar a súa capacidade para conectar persoas, comunidades e culturas, e sobre todo para cuestionar cara a onde imos...

O gran teatro consiste en desafiar a nosa maneira de pensar e en animarnos a imaxinar aquilo ao que aspiramos.

Somos animais sociais e estamos bioloxicamente deseñados para relacionarnos co mundo. Cada órgano sensorial é unha porta de entrada ao encontro, e a través deste encontro logramos unha maior definición de quen somos. A través da narración, a estética, a linguaxe, o movemento e a escenografía, o teatro como forma de arte total pode facernos ver o que foi, o que é e o que o noso mundo podería ser.

Willem DAFOE



*Traducción, por cortesía de Xosé Paulo Rodríguez,
director del Teatro Rosalía Castro de A Coruña*